

**ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA ELECTORAL DAS ELECCIONS A
PRESIDENTE E ASEMBLEÍSTAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE
BALONCESTO DO 29.11.18.**

En Santiago de Compostela, sendo as 16.30 horas do día 29 de novembro do 2018, reúnese a Xunta Electoral das Eleccións a Asembleístas e Presidente da Federación Galega de Baloncesto, nos locais da mesma, e baixo a presidencia de D^a Mavi Cruz Rey Montoiro, e a asistencia de D^a Beatriz Seoane Chao e D. Adán Rey Barreiro, este en calidade de Secretario.

Tómanse os seguintes acordos:

1º.- Unha vez rematado o prazo de toma de posesión de asembleísta, o C.B. Culleredo non tomou posesión como membro da Asamblea Xeral, polo que dase un novo prazo de 2 días hábiles á seguinte entidade deportiva con máis votos na circunscrición de A Coruña que foi o C.B. Santa Baia, para que proceda á mesma.

2º.- Rematado o prazo para presentación de reclamacións á lista provisional de Candidatos a Presidente e non habendo ningunha, proclámase único candidato á Presidencia a D. FRANCISCO MARTIN MICO.

4º.- A Xunta Electoral Convoca a Asamblea Extraordinaria aos membros da mesma para o día 17 de decembro ás 18:00 horas en primeira convocatoria, e 18:30 en segunda convocatoria.

Lugar de celebración:

Hotel Eurostar San Lázaro. Avda. Fernando Casas Novoa s/n. Santiago de Compostela.

Hora de Celebración:

18:00 horas en primeira convocatoria e 18:30 horas en segunda convocatoria.

Orde do día:

1º.- Reconto de membros presentes.

2º.- Elección de Presidente e Comisión Delegada.

5º.- Desenrolo da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Ás 18.35 hrs. procederase ó sorteo para a elección da Mesa Electoral, segundo o artigo 28 do Regulamento Electoral.

Constituída a Mesa Electoral, daráse un prazo de trinta minutos para todos aqueles asembleístas que quixesen presentar as súas candidaturas polos seus estamentos á Comisión Delegada.

A continuación, o Presidente da mesa presentará o candidato e darálle o turno de palabra para a presentación do seu programa. Esta presentación terá unha duración máxima de 10 minutos.

Proceso de Votación a Presidente da FGB:

Non se fará votación o haber un só candidato (artigo 42.8)

As 19.05 hrs. rematará o prazo para presentación de candidaturas a Comisión Delegada da FGB.

Dita candidatura presentarase por medio dun documento confeccionado pola Xunta Electoral, para ese efecto.

Os diferentes estamentos estarán representados na Comisión Delegada de acordo coa seguinte distribución:

Entidades Deportivas: tres membros

Xogador@s: un membro

Adestrador@s: un membro

Árbitr@s: un membro

Para levar a cabo esta elección, haberá tantas urnas como estamentos representados na Asemblea.

Proceso de Votación a membros da Comisión Delegada da FGB:

Esta votación dará comezo ás 19.20 hrs.

O Presidente da mesa irá nomeando ós asembleístas para exercer o seu dereito a voto na elección de membros da Comisión Delegada da FGB, comenzando polo estamento de Adestrador@s, Árbitr@s, Xogador@s e por último Entidades Deportivas.

Non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación dos clubs realizarase conforme o establecido no artigo 18 apartado b) do Regulamento Electoral.

Cada estamento votará na urna correspondente ó estamento polo que foi elixido.

En caso de empate entre varios dos candidatos procederase da seguinte forma: pasado un prazo de 30 minutos realizarase un novo proceso de votación entre os candidatos empatados. En caso de persistir o empate entre algún dos candidatos na segunda votación, procederase a elección do asembleísta por sorteo, segundo o artigo 43 apartado 2.

6º.- Apróbanse os modelos de papeletas de voto así coma as actas do escrutinio.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

7º.- Procédese a publicar a LISTA PROVISIONAL de candidatos a Comisión Delegada ó día de hoxe. Esta listaxe será colgada na Web da Federación no apartado "Procesos Electorais" de forma independente, modificándose esta cada vez que houbera alguna alteración na mesma.

Lémbrese que o prazo de presentación das candidaturas a Comisión Delegada rematará 30 minutos despois da constitución da mesa electoral o día 17/12/18.

E non habendo mais asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión sendo ás 17.45 horas do día da data.

Asdo. D^a Mavi Cruz Rey Montoiro

Asdo. D^a Beatriz Seoane Chao

Asdo. D. Adán Rey Barreiro

Data: 29/Novembro/2018

LISTAXE PROVISIONAL CANDIDATOS A COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

ESTAMENTO DE ADESTRADOR@S:

COTELO RAMA, Javier

LOPEZ MOSQUERA, Jorge

ESTAMENTO DE ARBITR@S:

ALVAREZ-OSSORIO LABORDE, Enrique J.

LOPEZ ILLAN, Daniel

ESTAMENTO DE XOGADOR@S:

LOPEZ CAAMAÑO, Carlos

VAQUEZ VAZQUEZ, José A.

ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS:

C.B. ARXIL (Lino M. Vázquez Sánchez)

C.B. BREGAN (Jesús A. Lázare Rincón)

C.B. CAMBRE (Javier Prieto Souto)

C.D. SAGRADO CORAZON (Rubén Engroba Cabo)

OBRADOIRO C.A.B. (Miguel A. Fernández Rodríguez)

